

Indo para o Samaín

ACTO ÚNICO

En primeiro plano vense tres cabazas nun campo de millo. Ó fondo, unha tea pintada cunha paisaxe campestre de outono.

ESCENA PRIMEIRA (*Entran tres rapaces.*)

Rapaz 1: Mirade alí!, vedes o mesmo ca min?

Rapaza: Cabazas!

Rapaz 2: Xa era hora, co gallo da festa do Samaín non dabamos atopado ningunha.

(Achéganse a collelas)

Rapaz 1: a grande pídoa eu. (*Á cabaza*) Contigo vou tallar unha caveira arrepiante.

Rapaza: Esta para min; vou facer con ela un trasno trouleiro (*Ri*). Imos escachar coa risa.

Rapaz 2: (*Desengonado*) A cabaza que queda é pequecha ...

Rapaz 1: Cóllea!, non hai tempo para buscar máis.

Rapaz 2: Boh!, se non serve para nada.

Rapaza: Non sexas parvo, xa verás como podes tallar unha boa caveira. Só depende da túa imaxinación.

Rapaz 2: Mira qué lista! Se tanto che gusta, queda ti con ela.

Rapaza: Ti fuches o último.

Rapaz 2: Pois eu non a quero; é pequecha, rabuda e retorta. (*Á cabaza*) Aí quedas, xa atoparei outra.

Rapaz 1: Bulide, que nos é moita hora.

(Os rapaces saen)

ESCENA SEGUNDA (*A cabaza que quedou comeza a laiarse*)

Mazaroca 1: Que che pasa, ruliña?

Cabaza: (*Cavilosa*) Son eu así? Pequecha, rabuda e retorta?

Mazaroca 2: Non lles fagas caso a eses raparigos.

Mazaroca 3: Eles si que son rabudos e retortos.

A cabaza cala un anaco, despois comeza de novo a choromicar

Mazaroca 4: e agora, que tes?

Cabaza: Eu tamén quería ir ó Samaín. Disque vos é unha festa ben rexoubeira.

Mazaroca 1: Iso pódese arranxar.

Cabaza: *(Interesada)* Como?

Mazaroca 2: Deixando de laiar e indo cara a aló.

Cabaza: *(Sorprendida)* Eu?, se non sei o camiño.

Mazaroca 3: Non tes máis que seguir os rapaces.

Cabaza: Ai! Soa? Ata me mete medo pensalo!

Mazaroca 4: Serás mexericas!

Mazaroca: A min tamén me gustaría ver o Samaín, podíamos ir xuntas. Déixasme ir, maae?

Mazaroca 3: Deixo, pero ide a modo e non volvades tarde.

Cabaza: Beenn!

Mazaroca: *(Á cabaza)* Temos que ir indo que os rapaces xa nos levan moita vantaxe.

Cabaza e Mazaroca comezan a andar cara á esquerda mentres as outras mazarocas saen polo outro lado do escenario

ESCENA TERCEIRA

Cabaza: Ves os rapaces?

Mazaroca: Non, coido que os perdemos.

Cabaza: E agora, que imos facer?

Mazaroca: Escoita, aí vén alguén preguntárolle.

Entran unha morea de follas de árbore escorregando polo chan.

Cabaza e Mazaroca: Ola!

Follas: Olaaa!

Cabaza: Quen sodes vós?

Follas: Somos as follas do carballooo... *(Dan outra volta polo escenario)*

Mazaroca: *(Desacougada)* E logo, non podedes estar quedas?

Follas: Nooon ..., empúrranos o vento de outonooo ...

Cabaza: Ó mellor sabedes por ónde se vai para á festa so Samaín.

Follas: Sabeeer ... non sabemoooos ... Quen volo ha saber é o ventooo ... , el leva percorridos tantos lugareees ... (*Berran todas xuntas*) Ventooo ...! Ventoo ...!

Vento: (*Dende fóra*) Quen chama por min?

Cabaza: A cabaza pequecha, que quere ir a festa do Samaín, pero non sabe o camiño.

Vento: (*entrando*) E logo, xa volvemos estar en Santos. Que axiña pasa o tempo! Ás veces penso que empurro eu mesmo sen me decatara (*Ri*). Ide cara ó solpor, atoparedes un soto grande, Alí volvede preguntar. (*Dá un forte bufido*) Ufffff! (*As follas esvaran de novo*).

Folla: Eu veño de aló. Se termades de min, para que non me leve o vento, vou con vós (*Píllana entre Cabaza e Mazaroca*).

Vento: Ufff!

Follas: Adeuuusss!

As follas e o vento saen.

ESCENA CUARTA

Folla: Vide atrás miña! (*Cabaza, Mazaroca e Folla camiñan ata atoparen un enorme castiñeiro*). Chegamos!

Cabaza: Aquí non hai ninguén ...

De súpeto, tralo castiñeiro, asoman dúas castañas.

Castaña 1: Ai! Que mágoa!

Castaña 2: Pensabamos que volveran ...

Mazaroca: Quen?

Castaña 1: Os nenos que viñeron buscar ...

Castaña 2: ... castañas para o magosto.

Castaña 1: Tivemos tan mala sorte ...

Castaña 2: ... de todas, só se esqueceron de nosoutras ...

Castaña 1: ... que estabamos agachadas nun ourizo.

Cabaza: Pois nós queremos ir aló.

Castañas: De verdade?

Mazaroca: E non saberedes por ónde se vai?

Castaña 1: Nós somos novas ...

Castaña 2: ... pero seguro que o castiñeiro ...

Castaña 1: ... que ten moitos, moitísimos anos ...

Castaña 2: coñece o camiño.

Castaña 1: *(Dubidando)* Mais está a durmir ...

Castaña 2: ... e ten moi mal xenio cando esperta.

Mazaroca: *(Afouta)* Pois haino que espertar de todos os xeitos.

Todas: Esperta, vello castiñeiro! Esperta!

Castiñeiro: *(Anoxado)* Por ourizos pechos e castañas pilongas!, quen chama por min?

Cabaza: *(Medorenta)* A cabaza pequecha, que quere ir á festa do Samaín, pero non sabe o camiño.

Castiñeiro: *(Calmo)* Hum! Non queda lonxe. Baixades polo val e alí, na vila de Cedeira, tedes a festa.

Cabaza, Mazaroca e Folla: Beenn! Imos chegar con tempo.

Castaña 1: Nosoutras queredamos estar coas nosas irmás ...

Castaña 2: ... podemos ir con vós?

Cabaza: Vide. *(Ó Castiñeiro)*. Moitas gracias.

Castiñeiro: *(Bocexando)* Pasádeo ben!

Cabaza, Mazaroca, Folla e as Castañas: Adeus!

Castiñeiro: Adeus! A ver se agora me deixan durmir dunha vez.

O Castiñeiro desaparece.

ESCENA QUINTA

Todas: *(Cantando)* Imos para o Samaín! Imos para o Samaín!

Escóitanse voces fóra do escenario. todas as personaxes caen ó chan inanimadas. Entra un avó co seu netiño.

Avó: Xa non ha faltar moito para chegarmos á festa.

Neto: Pero avó, eu non teño cabaza ...

Avó: Non padezas por iso, ímolo pasar ben de calquera xeito; cantaremos, bailaremos e comeremos unha chea de castañas asadas, requexo con mel e papas de melón.

Neto: Non vai ser o mesmo. Levo todo o ano á espera do Samaín e facíame tanta ilusión tallar a miña caveira ...

Avó: Prométoche que o ano que vén ... *(ve a cabaza no chan)* ... que este ano imos tallar a caveira máis fermosa de toda a festa. Mira aí!

Neto: Unha cabaza!

Avó: *(Colléndoa do chan)* E vaia cabaza!

Neto: Está un chisco torta ...

Avó: Que dis, oh! Ímola adobiar e xa verás qué ben queda.

Saen o avó e mais o neto do escenario con Cabaza. Mazaroca, Folla e as Castañas reviven.

Folla: *(Tristeira)* Levaron a Cabaza ...

Castaña 1: Xa o dicíamos nós ...

Castaña 2: ... que isto non ía saír ben.

Mazaroca: Non hai que poñerse triste. Cabaza conseguiu o que quería; seguro que vai ser unha caveira ben fermosa.

Folla: Pero xa non vai estar con nós.

Castaña 1: Ímola botar ...

Castaña 2: ... tanto de menos.

Mazaroca: Veña, deixádevos de lérias e andandiño.

Folla: *(Sorprendida)* Tras deles?

Mazaroca: Claro! Nós tamén imos ó Samaín ... *(Saen)*

ESCENA SEXTA

Apáganse as luces. Cruzan o escenario unha procesión de nenos e nenas, levando cadansúa caveira acesa. De últimos van o avó co seu neto.

Avó: Estalo pasando ben?

Neto: Estou, isto do Samaín e moito máis divertido do que imaxinara. E despois de rematar o pasarrúas, que se fai?

Avó: Agora vén o mellor, imos papar.

Neto: Beeenn! Vou deixar aquí a miña caveira que me pesa moito, logo veno busca.

Saen o avó e mais o neto

Cabaza: *(Fungando)* E eu que? Non me deixedes aquí soa?

Entran Mazaroca, Folla e as Castañas

Castaña 1: E que medo pon.

Folla: Semella ...

Mazaroca: Non pode ser ...

Cabaza: *(Rindo)* Que si que son, parvas, fixédevos ben.

Folla: Estás tan cambiada ...

Mazaroca: Tes que nos contar todo o que che pasou ...

ESCENA SÉTIMA

Escóitanse voces fóra do escenario. Todos os personaxes caen ó chan inanimados, agás Cabaza. Entran os rapaces do comezo.

Rapaz 1: Uuuuhh! Gústavos a miña caveira? Non é terrorífica?

Rapaza: E o meu trasno, non vos parece rebuldeiro?

Rapaz 2: Este ano no atopei unha cabaza axeitada, pero o que vén hei ter a mellor caveira.

Cabaza: *(Para si)* Estou esperta!

Rapaz 1: Mirade aquela caveira!

Rapaza: É impresionante!

Rapaz 2: Oxalá fose miña ...

Cabaza: Pero ese non é ... !

Achéganse a ela

Rapaz 1: Moito se me parece a aquela que deixaches no terreo.

Rapaza: Xa cho dicía eu, que cun chisco de imaxinación ...

Cabaza: *(Murmurando)* Rabudooo!

Rapaz 2: Non vos fagades os simpáticos.

Cabaza: Retortooo!

Rapaz 2: Parade, oh! Que me estades a asustar.

Rapaz 1: Eu non dixen nada ...

Rapaza: Nin eu ...

Rapaz 2: Daquela, quen foi?

Cabaza: (*Berrando*) Rabudooooo! Retortooooo!

Todos: A caveira está enmeigada! Aaaaah!

Os rapaces foxen ás présas. Mazaroca, Follas e as Castañas érguense rindo

Folla: Foi estupendo!

Mazaroca: Como fixeches?

Cabaza: Non o sei, estou tan abraiada coma vós.

Castaña 1: (*Enigmática*) Se cadra foi a maxia ...

Castaña 2: ... da noite do Samaín.

FIN